

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE OUTUBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de outubro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as once horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 2 de outubro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

Deseguido e de conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), a concelleira Sra. Vázquez López auséntase da sesión para a adopción do seguinte acordo, ao incorrer nela a causa de abstención establecida no artigo 23.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Gandeiría Pallón S.C.

ANTECEDENTES

1. Don Julio Vázquez Diéguez, na representación da sociedade GANDEIRÍA PALLÓN S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az, solicitou con data 19 de xullo de 2023 (RE-E núm. 413) licenza municipal de obras para CONSTRUCCIÓN DE ESTABULACIÓN LIBRE DE VACÚN DE LEITE E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 6 de marzo de 2006 e está integrada na actualidade por Don Julio Vázquez Diéguez (DNI núm. [REDACTED]), Dona Beatriz López Faílde (DNI núm. [REDACTED]) e Don Daniel Vázquez López (DNI núm. [REDACTED]). Dito documento foi elevado a público mediante escritura pública estendida con data 24 de marzo de 2007 ante o notario de Silleda Don Manuel Barros Gallego (protocolo núm. [REDACTED]); modificada por escritura pública de data 23 de febreiro de 2017 ante a notaría de Lalín Dona María Teresa Sancho Sánchez (protocolo núm. [REDACTED]).
3. Achégase proxecto técnico básico, visado polo colexio correspondente ([REDACTED], do 04/07/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
4. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de tres (3) anos.
5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A instalación de explotación de vacún proxectada sitúase nunha parcela clasificada como “solo rústico de protección agropecuaria” e “solo rústico de protección forestal” polo PXOM en vigor. As edificacións proxectadas sitúanse sobre a parte da parcela clasificada como solo rústico de protección agropecuaria.
4. Proxéctase a ampliación dunha explotación de vacún de leite existente mediante a construción duna estabulación libre para gando vacún e unha fosa de xurro. As instalacións proxectadas realizaranse nunha parcela diferente de onde se sitúan as edificacións existentes e que forman parte da explotación actual.
5. Preténdese co proxecto presentado ampliar a capacidade da explotación e modernizar as súas instalacións. A capacidade máxima da instalación, logo da ampliación proxectada, será de 118 UGM.
6. As obras proxectadas consistirán na construción dunha nova edificación destinada a cortello, con zona de cubículos, zona de robot de muxido, zona de enfermería, corredores de alimentación e patios de exercicio, leitería, aseo, oficina e sala de máquinas; e unha fosa de xurro.
7. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de TRESCENTOS SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS SETE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (362.507,16 €).

8. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
9. As construcións e instalacións destinadas ao apoio das explotacións hortícolas e os almacéns correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
10. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titulares do predio	██████████ ██████████
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Refª catastral das parcelas	36047A022000890000PB 36047A022000910000PA 36047A022000920000PB 36047A022000930000PY 36047A022000940000PG 36047A022000950000PQ (agrupadas ante notario)
Superficie da parcela	13.107 m ²
Uso autorizado	Explotación de vacún e fosa de xurro
Superficie ocupada en planta	1.998,76 m ²

11. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
12. Por Resolución de data 28 de setembro de 2023 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. ██████████).

13. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).
14. A xefa do Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, en data 07/07/23, informa de xeito favorable o proxecto.
15. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
16. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
17. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
18. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANDEIRÍA PALLÓN S.C. licenza municipal de obras para CONSTRUCCIÓN DE ESTABULACIÓN LIBRE DE VACÚN DE LEITE E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico, visado polo colexio correspondente (██████████, do 04/07/23), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.

- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) Previamente ao inicio das obras deberá achegarse o proxecto de execución, redactado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de SETE MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (7.250,14 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de MIL OITOCENTOS DOCE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (1.812,53 €).

Rematado o debate e votación do anterior punto da Orde do día, reincorpórase á sesión a concelleira Sra. Vázquez López.

3.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRAS

- Ganadería Roxelo S.C.

ANTECEDENTES

1. Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 11 de decembro de 2020, concedeuse á sociedade GANADERÍA ROXELO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Pescoso, parroquia de Santa Mariña de Pescoso, licenza municipal para CONSTRUCCIÓN DE CORTES DE VACÚN, BALSA E SILOS, con emprazamento no lugar de Pescoso, parroquia de Santa Mariña de Pescoso, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexo visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 22/07/2020 e anexos de datas 11/09/2020 e 24/11/2020), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido con data 12 de xullo de 2010 e está integrada por Don José Manuel Vázquez Moure (DNI núm. [REDACTED]) e Dona Marlene Mouriño García (DNI núm. [REDACTED]). Dito documento foi elevado a pública mediante escritura pública estendida con data 19 de outubro de 2011 ante o notario de Chantada (Lugo) Don Eduardo Díez Fernández-Barbé (protocolo núm. [REDACTED]).
3. Con data 12 de abril de 2023 (RE-E núm. 216) Don José Manuel Vázquez Moure, na representación da sociedade titular da licenza, solicita a modificación da licenza concedida, achegando modificado de proxecto e anexo (visado colexial núm. [REDACTED], do 12/06/23, e anexo de data 01/10/23), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. No que non contradiga o presente acordo, considéranse vixentes e de plena aplicación os fundamentos xurídicos e o acordo correspondente á licenza orixinal concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de decembro de 2020.
2. As modificacións que se proxectan realizar consisten en variar lixeiramente as dimensións da corte para adaptala ás esixencias do promotor e construír unha fosa de xurro de formigón armado en substitución da balsa-esterqueira inicialmente proxectada.
3. As instalacións proxectadas consistirán na construción dun cortello de vacún de leite formado por aloxamento en sistema de cubículos, oficina, aseo, leitería, zona de muxido con robot, sala de máquinas e corte. Ademais construírse unha fosa de xurro e dous silos.
4. A capacidade máxima fíxase en 80 UGM.
5. O contido urbanístico do proxecto modificado presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	[REDACTED]
Inscripción Propiedade	Registro da da [REDACTED]
Refª catastral da parcela	36047A028001530000PO
Superficie da parcela	13.267 m ²
Uso autorizado	Explotación de vacún
Superficie ocupada en planta	2.269,19 m ²

6. A modificación da actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
7. Porén, por Resolución de data 16 de agosto de 2023 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra declárase a non procedencia de formulación de declaración de incidencia

- ambiental (DIA), por non considerarse modificación substancial (expediente núm. ██████████), tendo plena validez a DIA emitida no expediente ██████████.
8. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
 9. Consta no expediente o preceptivo informe favorable emitido con data 10 de agosto de 2023 polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra (expediente núm. ██████████).
 10. Con data 14/07/23 (RS núm. 449) achégase ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra o proxecto de prevención e defensa contra incendios forestais da instalación proxectada, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don José Luís Lamas Carral, aos efectos de xustificar o cumprimento das medidas de aplicación establecidas no artigo 23.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
 11. O xefe territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, por escrito de data 24/07/23 (RE núm. 1300, do 31/07/23), acorda non emitir o informe solicitado ao consideralo de competencia exclusivamente municipal, polo que procede continuar co expediente de conformidade co previsto no artigo 80.4 da LPA.
 12. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
 13. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
 14. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Modificar parcialmente o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión celebrada o día 11 de decembro de 2020, de conformidade coas consideracións anteriormente expostas, manténdose a integridade do non modificado polo presente, así como as mesmas condicións especiais fixadas no acordo inicial de concesión da licenza.

4.- SOLICITUDE Á AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DE AMPLIACIÓN DO PRAZO LÍMITE PARA EXECUTAR E XUSTIFICAR O INVESTIMENTO CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE DE 2023 DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024

ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 3 de abril do corrente, foi aprobada a participación do Concello no Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, coa actuación denominada “*Mellora de camiño rural en Vistuíde (O Az)*”, ao abeiro da Resolución do 28 de febreiro de 2023 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva (DOG núm. 44, do 03/03/23).

2º.- A directora xeral de Agader, por resolución de data 26/07/23, dispuxo a concesión da axuda solicitada por importe total de 83.534.00 €, desagregada nas anualidades de 2023 (28.994,65 €) e 2024 (54.539,35 €). O prazo límite inicial para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade de 2023 fixébase no 16 de outubro de 2023.

3º.- Por resolución de Agader de data 23 de agosto do corrente (DOG núm. 164, do 30/08/23), permítese a ampliación do prazo sinalado no apartado

anterior excepcionalmente ata o día 11 de decembro de 2023, previa solicitude motivada do Concello.

4º.- A motivación da solicitude radica na circunstancia da imposibilidade actual de proceder a adxudicar a obra correspondente á anualidade de 2023 por inexistencia de consignación orzamentaria para facer fronte á necesaria achega municipal. Dita achega foi obxecto do expediente de modificación de créditos núm. 4/2023, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello en data 4 de setembro do corrente, pendente da súa entrada en vigor, rematada xa a información pública, mediante a publicación da súa aprobación definitiva no BOP. Faise, xa que logo, imprescindible solicitar dita ampliación excepcional para poder executar o investimento subvencionado e así satisfacer o interese público afectado.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Solicitar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) unha ampliación excepcional do prazo límite para executar e xustificar o investimento correspondente á anualidade de 2023 ata o día 11 de decembro de 2023.

5.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuaria de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona María Alsira Ledo Porto.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, en data 03/10/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade

dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: María Alsira Ledo Porto

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar de Fornas, parroquia de San Salvador de Camba

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,29 €/hora

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)